






## CELEBRAMOS O DÍA DO LIBRO E O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Co gallo da celebración do **Día do Libro** e do **Día das Letras Galegas**, dende a ANPA invitámosvos a participar nesta actividade que pretende fomentar o pracer da lectura nos rapaces o mesmo tempo que os habitúa a ter prácticas de consumo responsable compartindo cos demais os libros que lles gustaron especialmente.

### Troco de libros

Trae aqueles libros que tes na casa que xa leras e ven trocalos por novas aventuras.  Estas son as regras do troco:

- A actividade é para todos os niveis: infantil, xuvenil e adultos, si, si queremos que os pais e nais intercambien libros para dar exemplo aos seus fillos. 
- Cada neno pode levar os libros que queira. Por cada libro entregaráselle un vale para cambiar por outro libro no noso mercadillo.
- Os libros deben estar en bo estado, non se recollerán libros que estean escritos ou rasgados, xa que a ninguén lle gusta un libro nese estado.
- Os libros deben ser de lectura, novelas, cómics, bandas deseñadas, non traías a enciclopedia da casa dos avós!!, nin ese libro de pegatinas sen pegatinas!! 
- Os días **mércores 27 e venres 29 de abril e o luns 2 de maio** estaremos recollendo libros á saída do colexio para poder facer un banco de libros cos que realizar a actividade o día **mércores 11 de maio de 15:30 a 17:00**.

**Anímate e participa!!!!**